



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00153

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA LANZADEIRA ELÉCTRICA, FINANCIADA CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME (E2.A3), EXPEDIENTE PCO.001.2024.00153

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, adaptado ao Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR), aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 24 de novembro de 2023, e aprobar o prego de prescricións técnicas da seguinte subministración:

CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA LANZADEIRA ELÉCTRICA, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (PRTR)_PSTD FRAGAS DO EUME (E2.A3)

COMPOÑENTE: 14 – Plan de modernización e competitividade do sector turístico

INVERSIÓN: 1 – Transformación do modelo turístico cara a sostibilidade

PROXECTO: Submedida 2: Programa de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos

Código de proxecto: 2022.3.81990.4

Eixo 2: Mellora da eficiencia enerxética

Actuación 3: Instalación dunha lanzadeira eléctrica, aparcadoiros disuasorios e melloras da mobilidade do Parque Natural Fragas do Eume

Codificación: E2.A3

nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: subministracións

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: O prazo máximo de entrega será de 5 meses a contar dende a data de formalización do contrato administrativo.

1.3. Orzamento máximo:

A) Orzamento sen IVE:	49.586,78 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	10.413,22 €
C) Orzamento IVE incluído (A+B):	60.000,00 €

1.4. Valor estimado: 49.586,78 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4327/650, número de operación RC 220240005521

O contrato finánciase con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiada pola Unión Europea – Next GenerationEU (PRTR) de acordo co establecido no seguinte convenio de colaboración asinado o 5 de outubro de 2022:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA FRAGAS DO EUME NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

2.- Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.